

Vexo as fotos
e non me recoñezo
vexo dor,
desexo de paz
desexo de liberdade
desexo de tranquilidade

vexo as fotos
e non me recoñezo
vexo dor
que leva escondido
anos dentro
cauteloso arraigado en min
forte silencioso e veloz

vexo as fotos
e non me recoñezo
quero abrazar a nena que mostra
quero dicirlle que non foi a súa culpa
quero dicirlle que non está soa

vexo as fotos
e non me recoñezo
quero verme a min
non a os meus monstros internos

Malena Granero Vázquez, 2º ESO A

Un baleiro dentro de min
protexido por un sorriso de fóra.

Odio eterno sinto
unha gran decepción todo o tempo.

Non máis, non quero máis
as voces na miña cabeza
non me deixan descansar,
quero detelas agora,
xa non quero escoitalas máis.

Vexo un corpo roto no espello
quero ser normal, só pido iso
non máis críticas,
déixanme desfeito.

Vexo un sorriso ao lonxe,
esa beleza provoca o desexo
unha mirada fixa ao lonxe,
uns ollos escintilantes que destacan
entre millóns de sistemas solares.

Martín López del Río, 2º ESO A

Luz temperá que rompe o silencio,
bica o ceo e esperta a vida.

Entre cores, o día renace,
con promesas dun novo comezo.

Mely Eliany Pérez Medina, 2º ESO A

Fai 11 meses que non te vexo e choro cada vez miro unha foto túa, deprímome cando recordo aquel día que era San Xoán, eu cos meus amigos e toda a familia ocultando o que che tiña pasado. Eu entereime un día despois e o peor de todo: perdinte sen despedirme para verte unha última vez.

Xa o superei, aínda que te bote de menos, pasei paxina

Aitana Blanco Armesto, 2º ESO A

Coñecémonos dende hai tanto tempo e agora empecei a notar ese fermoso brillo nos teus ollos.

Bicando o teu corpo decateime de que todo o que vivira non tiña sentido, decateime de que todo o que sempre quixen estaba xusto ao meu lado, só quedara cego o suficiente para non verte.

Tocar suavemente a túa pel faime sentir que todo é un soño porque todo é perfecto.

Non podo ser só o teu amigo porque o desexo de deixar este mundo que sempre me atormentara desapareceu o día que probei os teus beizos.

Só quédate aquí durmindo no meu peito...

Heidy Sofia Gaona Palmo, 2º ESO A

Perfección algo que
todo o mundo anhela,
pero ninguén ten.

Algo ao que
todo o mundo quere
chegar, tocar, rozar
pero que ninguén chega,
ninguén toca e
ninguén roza.

Perfección, algo que
é un requisito
pero que ninguén chegou a ela,
nin saben como é.

Nun mundo no que
todo son estereotipos e prexuizos
nos que a perfección
é imposible de alcanzar.

Vivimos todos intentando
chegar a ela facéndonos
mal a nós mesmos sabendo
que nunca imos ter a perfección.

María Granero Vázquez, 2º ESO A

HAIKU

Canta o río

As follas desfalecen

O meu outono

María Granero Vázquez, 2ºESO A

MEDRAR

A imaxinación dos nenos é impresionante

Poden inventarse que son cabaleiros, ata reis

Eles só sediverten xogando e imaxinando o seu espazo

Por iso a infancia é importante

Pero cando cumpres 11 anos comezas a darte conta que a vida é diferente.

Que é estresante e ás veces vulgar.

Todo aquilo que inventaches non existe.

En vez dun rei temos políticos e en vez de cabaleiros temos policías.

Mais tarde aos 12 anos xa tes ganas de crecer e non podes esperar a ser autónomo

E que ninguén mande sobre ti

Pero cando cumpres a maioría de idade daste conta de que...

Non é tan divertido crecer

Miles de facturas que pagar, unha casa que manter e, nalgúns casos,
unha familia que manter

Todo é diferente cando es pequeno, pero porque non podemos os
adultos tamén ter imaxinación.

Crear os nosos propios escenarios e divertirnos

Porque ser adulto non é tan aburrido xa que tamén créanse novas
experiencias

Non fagas caso do que digan, aproveita a vida

Non sexas amargado e queda cos teus amigos

Divértete coa túa familia ou mascotas

Porque a túa infancia sempre estará dentro de ti aínda que pasen os
anos.

Yago Pérez Abrales 2º ESO A

A sensación de que ninguén me entendía,
pero que tampouco ninguén o intentaba,
as veces que sentía que importaba
pero nunca así o expresaban.

A sensación de falar demasiado,
pero a vez non dicir nada,
de querer dicir de todo,
pero quedar sempre calada.

A sensación de non poder seguir,
de estar demasiado cansada,
de querer deixar de sentir,
de deixar de estar agotada.

A sensación de decepción,
que a súa mirada reflexaba,
e a indiferencia na súa expresión,
que por dentro me mataba.

Moraima Bagaría Vázquez, 2º ESO A

Tristeza, culpa, decepción e medo: nen sequera sabía moi ben que era, tan só recordaba aquela pesada mañá, na que desexara de todo menos espertar. A tristeza dentro do meu corpo sen razón aparente para sequera chorar. A espesa néboa que recobría os meus descubertos ombros e que se misturaban lixeiramente co meu frío constante corporal. Aquel mediodía, no que a culpa que sentía tras a comida consumíame lentamente e que tras ver a escala subir empeorando de maneira escandalosa, aqueles pensamentos que cría controlar deixaron de estar nas miñas mans e as miñas accións tomaron control para facer cousas das que cría non ser capaz. Aquela tarde, na que a decepción que tiña dentro fixo que non puidese mais, aquelas pingas da ducha que levemente afogaban os lamentos do duro pesar e fundíanse coas bagoas, e aquela noite, na que o medo de realmente non volver a espertar estaba presente na mente, a noite na que por fin quixen parar.

Moraima Bagaría Vázquez, 2º ESO A

A lenda do mostro dos mil ollos

A lenda conta que calquera neno
mozo ou pequeno
que na noite máis profunda e máis escura
saía da súa cama
para mexar ou para beber auga
verá pola ventá do seu fogar
un mostro asomar
que, cando o neno o vexa,
os seus mil ollos o marean
caerá durmido
e xamás espertará

Diego Alejandro González López, 3º ESO

A amizade

A amizade
cultívase como unha flor
abónase con pequenos detalles de cortesía,
de ternura e de lealtade,
régase coas augas do desinterese e o cariño

Sheila Dobarrio Petre 3º ESO

O outono

O outono chega, coa súa capa de cores,
as follas caen, dicindo adiós sen dores.
O día é curto, e longas son as noites.

O vento sopra, as follas van ao chan,
o outono pinta, un cadro sen igual.
O frío chega, pero é algo normal.

Outono, tempo de calma e paz,
a natureza descansa, e todo queda atrás.
Nas túas mans, a vida sempre está.

Nicolás Fernández Vázquez 3º ESO

Animais

Animais do monte e do mar,
na súa beleza natural,
viven sen preocupación,
sen saber da nosa confusión.

O lobo ouvea na noite escura,
a raposa esconde a súa figura,
o corzo salta pola fraga,
e o ourizo fai a súa saga.

As aves voan alto no ceo,
coas súas plumas de cores mil,

e o peixe nada no río,
sen saber do noso conflito.

Animais, seres sen maldade,
viven a súa vida sen ansiedade,
e nós, humanos, deberíamos aprender,
a respectalos e a protexelos sen deter.

Pablo Rego Veigas, 3º ESO

Momentos

Hai momentos que sinto que non sito
Momentos nos que tiña un baleiro

Momentos nos que non sabes a resposta a esa pregunta
Hai momentos que escoitaches pasar sen avisar, sen contar

Momentos nos que te espero e momentos nos que non chegas
Os momentos son momentos

DOUAA, Attouch el kamouni 3º ESO A

SENTIMENTOS RECENTES

Un día coma outro calquera, unha adolescente co cabelo negro como o acibeche, cuns ollos verdes que reflicten a súa serenidade xunto o seu nariz respingón, o seu perfecto sorriso e a súa pel pálida.

Abre os ollos e resulta que está levitando no centro do universo, ela lonxe encontra unha estrela cunha estela fermosa a cal vai avanzando máis cara ela, nun abrir e cerrar de ollos a estrela pousase sobre a súa cabeza e eclosiona, ela intenta escapar pero é demasiado tarde e atrápaa.

Esperta no seu cuarto e decátase de que é o primeiro día de instituto, ela percátase de que chega tarde, entón colle o primeiro vestido que encontra e vaise. Chega á súa primeira clase e o profesor reclámaa pola hora á que chega e preséntaa diante de toda a súa clase.

-Ola, dádelle a bienvenida á vosa nova compañeira chamada Natalia, ven de Colombia.

Pasan as clases e preséntaselle un mozo de máis ou menos da súa idade, co pelo negro, uns ollos azuis coma o ceo. Entra o mestre desa asignatura e pregúntalle de onde ven. El ignóralo, séntase ao lado de Natalia e preséntase.

-Ola, son Marc, encantado -dille.

Ela devólvelle o saúdo aínda que tocara o timbre para a hora de recreo, ela senta soa ata que Marc a segue e continúan conversando.

Volve do instituto e seu pai pregúntalle que tal o día, ela respóndelle que ben e vaise á súa habitación onde se reencontra co seu compañeiro, entrou pola fiestra, resulta que quedaron para facer os deberes xuntos.

Abúrrense e xogan ás preguntas, acaban a noite falando sobre o que farían ao rematar o instituto, ela quere ser unha avogada recoñecida mundialmente e el quere traballar de psicólogo, a conversación corta cando as súas miradas se cruzan e os invade unha constante tensión, pero para cortar esa tensión el dálle un bico, Natalia apártaa y dille que se marche.

Ao día seguinte, Marc non aparece e así sucesivos días ata a semana seguinte, ela decide preguntarlle a súa irmá pequena polo enderezo da súa casa. Ela visítao e non aparece, nese intre a nai del aparece e di que Marc se volverá ao seu país natal, ela sendo perseverante vai cara outro aeroporto e súbese ao avión, ela con todo o sentimento sube alí para detelo, veo e recibe con un bico.

Aínda que te coñecera de antes, sento que o noso será para sempre, dille ela.

Nese momento aparece unha estrela pousándose nas súas cabezas.

Mikel Elian Pérez Medina, 3ºESO A

UNHA REALIDADE

Ese día vouno recordar durante toda a miña vida, ti acababas de chegar do traballo, o meu fillo de dezaseis anos morto pola túa culpa, preguntándote onde estaba eu, a mesa estaba posta e a miña cabeza sobre ela. Esta é miña historia:

Ola, eu son Martina, teño 33 anos e vouvos contar tres historias que pasaron o día que marcaron a miña vida para sempre.

A primeira historia que vos vou contar é a do meu fillo, Marcos, el estaba nunha festa á cal no lle deramos permiso para ir, pero bueno prosigamos.

—Ei, Marcos, mola moito que teus pais che deixaran vir á festa da casa de Courtney- dille súa amiga Hannah.

—Si, é que meus pais son moi enrollados con estas movidas da xuventude, xa que me tiveron cando estaban namorados no instituto- mentinlle á cara.

—Non che deixaron, certo?- afirma con seguridade.

—Non lles preguntei, pero... e como sabes que non podo asistir a esta festa?- pregunta impactado:

—Marcos, coñecémonos desde preescolar, obviamente sei cando o meu amigo mínteme. Entón como seguro pillarán, aproveitemos o tempo.

Aquí coñecemos a Luca, o noivo de Courtney, é un imbécil moi grande, meteulle a cabeza no inodoro ao meu fillo cada vez que tiña oportunidade.

—Xogamos a algo, que tal o xogo da carta?- preguntou Courtney.

Ao final do xogo acábanse bicando Luca e a súa noiva no sofá, o que compartían xunto aos dous amigos.

Eles sintíanse incómodos entón subiron as escaleiras, á habitación de Courtney:

—Bueno pois...- Hannah interrómpeo cun bico.

El séguelle o bico pero antes de dar paso a ter relacións sexuais, ela acórdase de todos os abusos que sufriu no pasado e rectifica empuxándoo.

Marcos pregúntalle se está ben, pero Hannah dixo algo do que se arrepentiría despois.

—Vaite a tomar polo cu!- di desconsolada.

—Que che dean!- exclama enfadado.

Vaise da habitación, ela esperaba que el non se fora de alí e comeza a chorar, pero interrómpea a parella que subiron para rematar o que comezaron, por sorte a Hannah déralle tempo a esconderse nun armario con reixas e veos a eles.

Eran Luca e Courtney pero non imaxinaba o que sucedería despois:

Courtney estaba borracha, tumbouse na cama e durmiuse mentres que o patético de Luca se lle acercaba cada vez máis, báixase os pantalóns e empézaa a violar, todo isto foi visto por Hannah que choraba a máis non poder por non poder axudar a unha amiga súa e que lle estivera pasando o mesmo que a ela.

Volvemos co meu fillo, el saíu da festa triste, colleu o coche e nese intre con moi pouco tempo conducindo chócase contra outro coche e falece.

Pensaba que non podería seguir contando as historias despois desta traxedia, pero contareivos todas para que saibades quen é a mala ou o malo aquí.

A segunda é a do meu marido, Carlos, eu tiña claro que era unha persoa pero non é así, despois de saír do traballo foise a un hotel para poder deitarse coa súa empregada, xa que el era o xefe e todo o que dicía ía a misa e cando remataron, foron a comer a un 24 horas e despois diso seguramente no se volveron a ver máis, ao coller o seu coche, chamouno a súa esposa mentras conducía.

—Carlos onde estás?- preguntei.

—Acabo de saír de traballar, cariño, a reunión alargouse máis do que esperabamos- respondeume el. Vale, pero non podo falar agora mentres conduzo...

Nese momento derribou un sinal de stop e foise tan rápido como puido a súa casa.

E agora imos coa terceira historia, na que son a protagonista.

Despois de falar co meu esposo, escoitei que chocou contra algo, cortouse a chamada, ademais non encontraba ao meu fillo, así que fun á casa de Courtney porque ultimamente ía moito por esa zona, entón cheguei e atopeime con Hannah chorando na entrada na casa, baixei do coche e falamos.

—Que che pasa, Hannah?- preguntei.

—Nada, non é nada- respondeume.

—Viches a Marcos? é que necesitaba falar con el e non o atopo- pregunto.

—Non o vin desde fai un rato- respondeu Hannah- Bueno como non teño nada que facer pódoche axudar a buscalo.

Subimos ao coche e comecei a conducir, vimos un sinal caído pero non lle deramos moita importancia daquela, entón máis adiante do lugar nos encontramos morto ao meu fillo, comezamos a chorar desconsoladas. Levo a Hannah á súa casa, eu vou á miña, entro pola porta e de repente Carlos tírame do pelo e lánzame contra as paredes mentres pregunta que quen son, pero é demasiado tarde, tiven unha conmoción cerebral e despois cortoume a cabeza e deixouna nun prato para que non se me pudrira ou eu que sei que, vaise á cama e dorme, esperta, vai á cociña, ve un prato e ...

Pensaredes que neste punto da historia o malo é meu marido pero non é así sabedes por que? porque todo o que vos contei era mentira, ou polo menos por partes.

Foi Marcos o que violou a Courtney, non Luca, Luca é demasiado bo para facer iso, por iso Hannah quedou tan impactada, o certo é que si se fora da festa, pero non morreu no choque, ademais de que el foi quen derribou o sinal de stop e non o meu esposo, tamén foi el quen me vira saíndo con Luca dun hotel, entón nunca xurdiu a chamada entre o meu marido e maiis eu, ao chegar á casa. Non foi o meu marido quen

me matou, foi o meu fillo, xa que el sofre de alzheimer e antes de quedar con Luca, fun á farmacia, entón quen me matou ou, mellor dito, os que me mataron, pois foron dúas persoas, déixoche tempo para que poidas adiviñar quen era o segundo asasino...,

Era Courtney, que estaba resentida comigo por non aprobar a súa relación co meu fillo e agora vos preguntaredes, como Courtney estaría no mesmo bando que o seu violador?, fácil, nunca a violou, si tiveron relacións sexuais pero non máis aló do abuso.

Entón Marcos lanzábame contra as paredes e pegábame; mentres que Courtney despois me apuñalou varias veces e cortoume a cabeza, vos preguntaredes de novo, entón Carlos fixo algo malo?, pois non, el estivo na casa durmindo durante todo o día, o que si descubriu foi a miña cabeza ó amencer, entonces que pensades de todo o sucedido durante esa noite? E como dato, Luca viu a Courtney e Marcos pola fiestra cometendo eses delitos, entón gravouno, deulle a gravación do meu asasinato ás autoridades e agora eles dous estanse pudrindo no cárcere.

Mikel Elian Pérez Medina 3º ESO A

DIFERENZA LABORAL

Unha noite sin ti é estresante,
necesito que deixes de lado á outra xente
e pases máis tempo con quen te quere
aínda que penses en diamantes.

Quérote soamente para min,
pero é imposíbel loitar por vostede
porque estamos entre parede e parede
aínda que te tivera que compartir.

O teu traballo profesional é cara o público,
pero quixera sacarte de alí
e que me dixeras que eu sería o único.

Ocorréríase unha solución
contra os monstros que te tiñan cautiva
nunha prisión chamada prostitución.

Mikel Elian Pérez Medina 3º ESO A